

RESUMO DE CONTIDOS



Foliada virtual

Música | 2º ESO

Índice

1. A danza en España e en Galicia.....	2
A danza en España.....	2
As danzas galegas.....	3
2. O folclore galego.....	4
Que é o folclore?.....	4
O folclore galego.....	4
3. Elementos da linguaxe musical.....	6
A forma musical no folclore e a música popular.....	6
A textura.....	6

1. A danza en España e en Galicia

A danza en España

En España, a danza ten un papel importante e é o resultado da mestura de diferentes pobos e tradicións xa que, o movemento do corpo serve para expresar sentimentos e formas de vida. Co tempo, as danzas foron cambiando e adaptándose, en relación coa historia e co territorio.

Características da danza española

O folclore en España é moi diverso. As súas danzas están ligadas ás festas, aos costumes e lugares onde naceron. Transmítense de xeración en xeración, principalmente por imitación, ten unha función social e colectiva. A danza en España ten moitas influencias doutros grupos étnicos, moitas xurdiron entre os séculos XVI e XIX, pero non foi ata o século XX cando comezaron os traballos de recollida e difusión deste patrimonio cultural.

Clasificación das danzas

- **Danzas rituais:** festas ou cerimoniais, ás veces con obxectos como paus, cintas ou espadas.
- **Danzas representativas,** simbólicas, con personaxes como animais, xigantes ou cabezudos.
- **Danzas de diversión,** para pasalo ben, que adoitan bailarse en grupo ou en parella.

Tipos de danzas

Tipos comúns

- **A xota** é unha danza tradicional moi estendida en España, especialmente en Aragón, mais ten variantes noutras zonas. Ten un ritmo ternario (3/4 ou 3/8) e pode cantarse ou tocarse con instrumentos. A forma máis coñecida é a xota aragonesa. Báilase en parella, con saltos e marcando o ritmo cos pés, ás veces con castañolas ou pitos de dedos.
- **A seguidilla** é unha forma tradicional ligada a Castela-A Mancha e moi importante no folclore español. Caracterízase por ter coplas de catro versos curtos e un ritmo ternario. A danza inclúe unha introdución instrumental, unha invitación ao baile e a copla cantada. Estendeuse por moitas zonas de España, dando lugar ás sevillanas, ás saltonas e ás manchegas. Dela tamén xurdiu o bolero e influíu na orixe do flamenco.
- **O fandango** apareceu no século XVIII e chegou a ser un dos bailes máis populares de España. Combina partes instrumentais con coplas cantadas e ten, xeralmente, ritmo ternario. Báilase en parella, con movementos de achegamento e separación, usando castañolas, pitos ou *taconeos*. Existen moitas variantes segundo a zona, como as malagueñas ou os fandangos de Huelva. Tamén tivo importancia no desenvolvemento do flamenco.

Bailes característicos

Danzas propias dun territorio concreto, que representan a identidade cultural dunha rexión.

En **Cataluña** a máis coñecida é a **sardana**, considerada a danza nacional catalá. Báilase en grupo, formando un círculo e collidos das mans. A música interprétase coa agrupación tradicional: *cobla*.

No **País Vasco**, as danzas clasifícanse en danzas de cortexo, de xogo e de actos públicos. Unha das máis coñecidas é o *zortziko*, con métrica irregular. Algunhas danzas, como o *aurreku*, acompañanse con instrumentos tradicionais como o *txistu* e o tamboril, ou coa *trikitixa*.

En **Andalucía** atopamos tres grandes tipos de baile: o baile *gitano*, o baile andaluz e o flamenco. Existen bailes ligados a cidades concretas: as sevillanas ou as *granaínas*, ademais dos derivados do fandango. O **flamenco** é o xénero máis representativo, xeralmente un baile individual, expresivo e aberto á improvisación. Xorde a finais do século XVIII, é un símbolo cultural de Andalucía.

As danzas galegas

O baile tradicional presenta gran variedade de formas, funcións e contextos de uso, para o lecer e a festa ou para a representación simbólica ou cerimonial, sempre en relación coa música.

Tipos de bailes

Bailes-xogo: para dinámicas lúdicas e participativas. O movemento combínase con regras sinxelas e interacción entre as participantes. Habituais en contextos festivos cunha función socializadora.

Bailes agarrados: recentes en Galicia. As parellas bailan unidas, son bailes influenciados por modelos doutros territorios europeos, incorporados progresivamente desde o século XIX.

Danzas: con estruturas máis fixas e coreografías organizadas. Están ligadas a actos cerimoniais ou festivos e requiren coordinación do grupo, como nas danzas de cintas, espadas e/ou paus.

Bailes soltos: as formas máis características do baile galego tradicional. As persoas bailarinas non se tocan e o movemento baséase en saltos, xiros e desprazamentos marcados polo ritmo. Destaca a muiñeira, xénero central do baile galego pola súa antigüidade e difusión. A xota galega está adaptada ás características coreográficas, melódicas e rítmicas de Galicia.

2. O folclore galego

Que é o folclore?

No século XIX comezaron en Europa os primeiros estudos sobre o folclore co obxectivo de recoller e conservar cancións e tradicións que se transmitían de forma oral.

O folclore musical cumpre unha función social, ligada ás festas e ás vidas das comunidades, nun inicio asociábase tan só ao mundo rural. Non é algo fixo nin antigo, senón unha realidade viva que evoluciona, mestúrase con outras influencias e adáptase co tempo para seguir en uso.

O folclore galego

A música tradicional é unha expresión cultural viva que combina sons, ritmos e costumes propios. Inclúe formas como a muiñeira e a xota, instrumentos como a gaita, a pandeireta, o tambor ou a voz, en agrupacións espontáneas ou organizadas. Comparte trazos con outras músicas próximas, pero ten identidade propia. A música e o baile están moi unidos, especialmente nas foliadas, onde canto, instrumento e danza forman unha práctica comunitaria.

Características

- **É patrimonio cultural vivo:** transmítese de xeración en xeración é identidade galega.
- **Une música, baile e tradición social:** cancións, danzas, contos, coplas e costumes propios.
- **Está moi ligado á vida social:** practícase en festas, romarías, foliadas e seráns, a xeito de encontro e convivencia.
- **Ten formas musicais propias:** a muiñeira e a alborada, pero tamén hai alalás, regueifas e outros cantos tradicionais.
- **Emprega instrumentos tradicionais:** a gaita é o instrumento máis representativo, hai moito máis, como a pandeireta, o pandeiro, o pito, o tambor e o canto.
- **É colectivo e participativo:** non é só para escoitar; a xente canta, toca e baila formando parte activa da tradición.
- **Varía segundo as comarcas:** cada zona de Galicia ten estilos, puntos e maneiras propias.
- **Está recoñecido e protexido:** en 2025 foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) como parte esencial do patrimonio galego.

Xéneros

O alalá

É unha das formas máis antigas e representativas. Trátase dun canto lento e expresivo, normalmente interpretado por unha soa voz e sen acompañamento instrumental. A melodía desenvólvese con liberdade, sen ritmo de baile, permitindo alongar sons e introducir variacións. O nome procede das sílabas “la-la-lá”, que lle dan un carácter recoñecible. Desde o punto de vista musical é monódico e organízase en coplas que poden repetirse. Non busca harmonía complexa, senón a expresividade da voz. As letras falan da paisaxe, da morriña e dos sentimentos, polo que é un canto para escoitar. A música culta galega tamén se inspirou nestas formas. Un exemplo é Xoán Montes (1840–1899), autor de *Negra Sombra*, baseada nun alalá recollido na Cruz do Incio.

A xota

Danza estendida por toda a Península Ibérica con variantes rexionais, a xota aragonesa, navarra, castelá ou manchega. Caracterízase por: compás ternario (3/4 ou 3/8) e por un baile en parella con movementos vivos e marcados. Malia que a denominación “xota” está moi estendida, estas formas recibían nomes locais que co tempo foron sendo substituídos polo termo máis xeral.

A muiñeira

O baile máis representativo de Galicia xa mencionado na poesía lírica de finais do século XV. O seu nome, consolidouse no século XIX, en referencia ás muiñadas, reunións festivas nos muíños. Escríbese en compás de 6/8, e caracterízase polo seu ritmo binario, pero ten subdivisión ternaria.

É un baile solto executado en parella, con saltos e xiros moi marcados. Pode organizarse en dúas filas ou en roda, os pasos van cambiando segundo avanza a parte instrumental da música. Existe unha persoa guía que realiza o paso que logo repiten o resto de bailaríns.

Dividirémola en tres partes para a nosa foliada:

- **Descanso:** chamado paseo, a parte da coreografía máis sinxela, para tomarse un respiro.
- **Punto:** a parte máis complexa, onde ides sumar pasos base.
- **Volta:** avanzamos no espazo, faredes normalmente o mesmo paso.

Os ritmos agarrados

Cantos e pezas ligadas ao baile social, a música cumpre unha función bailable. Inclúen xéneros de diferentes orixes que se integraron na tradición galega pola súa difusión e uso nas festas.

“Agarrado” refírese a bailes en parella con contacto físico, fronte a bailes soltos. Moitos teñen orixe europea (valse, mazurca, pasodobre) ou americana (rumba), foron aceptados, adaptados ao estilo galego e integrados no repertorio tradicional, pasando a formar parte da identidade festiva.

Dentro destes ritmos destacan:

O pasodobre: ten a súa orixe en Francia baixo o nome *pas-redouble*, ligado ás marchas rápidas de finais do século XVIII. Co paso do tempo incorporouse ao repertorio festivo e popularizouse no folclore español ao longo do século XX.

Como baile, caracterízase por ter un compás binario (2/4 ou 6/8) e un paso básico sinxelo, no que se alternan os pés en cada pulso. Báilase en parella, con desprazamentos marcados e postura firme, sen movementos acentuados de cadeiras. A súa estrutura musical, baseada en frases regulares e cadradas, facilita a coordinación dos movementos e a aprendizaxe do baile.

A mazurca: de orixe centroeuropea, chegou a Galicia no século XIX a través dos salóns urbanos e integrouse nas festas como baile agarrado. Ten compás ternario e unha acentuación característica que lle dá un aire elegante. Báilase en parella, con movementos suaves e xiros. A súa presenza amosa como a tradición galega incorpora e adapta músicas doutras culturas ata facelas propias.

3. Elementos da linguaxe musical

A forma musical no folclore e a música popular

No folclore atopamos o esquema Copla-Retrouso, ou o esquema Estrófico (é dicir, A, A', A'', A''', ...), no que unha idea musical repítese con distinta letra tantas veces como letras se teñan. Na música popular urbana hai esquemas semellantes con lixeiras variacións.

Partindo do esquema Estrofa/Copla- Retrouso, a forma base pódese expandir cunha introdución antes da copla, un preretrouso antes do retrouso, unha ponte que xunte retrouso con copla e unha coda. Moitas veces as partes que se engaden son variación do retrouso ou da copla. O esquema frecuente é: introdución-copla-retrouso-copla-retrouso-ponte-copla (A,B,C,B,C,D,C).

A textura

Parámetro musical que relaciona coa combinación dos materiais melódicos, rítmicos e harmónicos nunha composición. Sinala como se relacionan as distintas voces que participan nunha peza.

Tipos

Monofonía: unha soa liña melódica sen acompañamento, interpretada por varias voces ou unha soa ao unísono. Un exemplo pode ser o canto gregoriano ou un alalá a unha soa voz.

Homofonía: dúas ou máis voces móvense simultaneamente cun ritmo semellante, creando acordes entre elas e sen ser ningunha destas voces protagonistas melódicas absolutas. Este é un tipo de textura moi habitual dos cantos corais.

Melodía acompañada: unha voz principal que leva o peso da melodía, destacando por enriba dos que fan o acompañamento en base a acordes. Normalmente este é o tipo de textura da música popular urbana ou tradicional.

Polifónica o contrapuntística: dúas ou máis liñas melódicas independentes soan de xeito simultáneo e teñen unha importancia semellante. Un exemplo deste tipo de textura é o canon.



“Resumo de contidos: Foliada virtual”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)